

A MESA

**ESTUDO SOBRE A LINGUA GALEGA
NAS AULAS DE EDUCACIÓN INFANTIL
DAS CIDADES GALEGAS**

ESTUDO SOBRE A LINGUA GALEGA NAS AULAS DE EDUCACIÓN INFANTIL DAS CIDADES GALEGAS.

A MESA POLA NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA. CURSO 2013/2014

Consideracións previas:

- Pouco fiábeis as respostas sobre a distribución horaria. Moitas acóllense a “segundo normativa”, que depende de cal lectura da normativa se aplique.

Sobre o total de 289 centros de Educación Infantil e/ou Primaria existentes en Galiza, a maior claridade e fiabilidade na resposta obtívose nos centros públicos. Xa que logo, para os centros privados e privados concertados entendemos que a resposta “segundo a normativa”, que recibimos con frecuencia, indica un uso maioritario do español na docencia, baseándonos nos estudos socio-lingüísticos sobre o galego nas cidades.

- Sinalamos tamén o número de centros que indican o feito de impartiren o 33% en galego. Un dato significativo porque é probábel que os que non din nada ao respecto non cheguen sequer a ese mínimo.

- As preguntas sobre material específico en galego son para comprobar se hai por exemplo cadernos de aprendizaxe, igual que para castelán ou inglés, ou se a aprendizaxe do galego se desenvolve con menos soportes. Hai que ter presente que si podería realizarse perfectamente a educación só a través de fichas, sen material específico, mais tamén é certo que hai moitos casos en que a aprendizaxe en castelán e inglés é con soportes editoriais, dándosele ao galego un tratamento diferenciado e inferior.

Algúns apuntamentos para reflexionar sobre a lingua da Educación Infantil das cidades no curso 2013/14

* Total de centros de ensino de infantil nas cidades que declaran impartir maioritariamente en galego: 2 de Ourense e 5 de Santiago de Compostela, dun total de 289 centros. O curso pasado era unha porcentaxe do 3,19% e neste do 2,42%.

* O coñecido como Decretazo contra o galego no ensino, está a acelerar o proceso de desaparición do galego do ámbito educativo en Galiza.

* Especialmente preocupantes son os casos de Pontevedra e Lugo.

*Santiago de Compostela é, con diferenza, a cidade onde se palía mellor o proceso de desgaleguización. Aí foi onde houbo unha mellora máis significativa a respecto do curso pasado, facéndose notar talvez as sentenzas gañadas pola Mesa e a CIG-Ensino, algo que non acontece en absoluto no resto das zonas urbanas, onde continúa a caída da presenza do noso idioma. No entanto, reparemos que tamén na capital de Galiza a proporción de centros que declaran impartir algo en galego é moi baixa: 7 centros de 37.

* Só 19 centros dun total de 289 declaran impartir “algo en galego” (incluíndo aquí tamén os 7 anteriores que din ministrar todo neste idioma). A porcentaxe é do 6,57%, fronte ao 9,21% do curso pasado.

* En ningún territorio do Estado español con lingua propia diferente do castelán acontece algo semellante ao que se está a padecer nas cidades galegas.

* A ausencia de materiais didácticos en galego é significativa e mostra a falta de interese da administración en dotar de ferramentas de traballo dignas ao profesorado.

Datos por cidades

A Coruña [48 centros; 22 públicos]

Din impartir 50% en galego: 4

Di impartir 33% en galego: 1

Contan con cadernos específicos para o galego: 2

Diferenza a respecto do curso pasado: Había dúas escolas que declaraban impartir en galego; agora hai algunha máis que declara usar unha porcentaxe significativa, porén vemos que de novo só hai dúas que declaren usar materiais nesta lingua.

Ferrol [22 centros; 8 públicos]

Din impartir 50% en galego: 2

Contan con cadernos específicos para o galego: 2

Diferenza a respecto do curso pasado: Había unha soa escola que declarase impartir algo en galego; agora hai dúas.

Lugo [26 centros; 14 públicos]

Respostas pouco específicas sobre a porcentaxe de impartición en galego. En xeral din que “segundo a lei”.

Na consulta, o galego non foi lingua maioritaria en ningún.

Contan con cadernos específicos para o galego: Ningún.

Diferenza a respecto do curso pasado: Había tres escolas infantís que declaraban impartir en galego; neste curso, non hai ningunha que sexa clara ao respecto.

Ourense [34 centros; 14 públicos]

Respostas pouco específicas.

Na consulta, o galego foi maioritario en 2 centros.

Contan con cadernos específicos para o galego: 1.

Diferenza co curso pasado: Igual.

Pontevedra [29 centros; 20 públicos]

Respostas pouco específicas.

Na consulta, o español foi maioritario en todos os casos.

Contan con cadernos específicos para o galego: 1

Diferenza co curso pasado: De 1 centro que dicía impartir en galego a ningún que o declare.

Santiago de Compostela [37 centros; 10 públicos]

5 imparten maioritariamente en galego.

1 imparte ao 33%.

1 ao 50%.

1 centro público responde que imparte o 100% en español sen facer análise sociolingüística ningunha nin consulta nin nada.

Contan con cadernos específicos para o galego: 1

Diferenza co curso pasado: Só había dúas; a sentenza do TSXG supón unha mellora.


Vigo [93 centros; 47 públicos]

5 din impartir o 50% en galego


Contan con cadernos específicos para o galego: 4

Diferenza co curso pasado: Só había unha; mellorou algo.

Datos xerais lingua e materiais didácticos nas aulas



Cadernos




7 cidades

Con cadernos en galego

Sen cadernos en galego


11

278





Materiais didácticos


A Coruña



Cadernos si
Cadernos non


2
46





Materiais didácticos

Lugo




Cadernos si
Cadernos non

0
26

Lingua nas aulas		Ourense
50%		0
Maioritario galego		2
Maioritario castelán		32
Públicos		14
Todos		34


Materiais didácticos


Ourense



Cadernos si
Cadernos non


1
33






Materiais didácticos

Santiago




Cadernos si
Cadernos non

1
36



Materiais didácticos

Vigo



Cadernos si
Cadernos non

4
89

A MESA

POLA
NORMALIZACIÓN
LINGÜÍSTICA